

## Concello da Capela

**Expediente núm.:** 235/2024

**Bases que deben rexer a Convocatoria e o Proceso de selección**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Data de iniciación:** 14/06/2024

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR OFERTA XENÉRICA E CONCURSO**

#### **PRIMEIRO. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto das presentes bases a contratación dun posto para a execución do programa financiado polo Fondo de Compensación Ambiental ao abeiro da Orde de 28 de decembro de 2023 denominado “medio ambiente: traballos de limpeza e adecuación de rutas de sendeirismo municipais” e coas seguintes características:

Servizo/Dependencia	Medio ambiente
Denominación do posto	Peón
Duración do contrato	4 meses
Natureza Persoal Laboral	Temporal
Grupo	Equiparable a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación
Categoría	Peón
Xornada	Parcial (6 horas diarias)
Horario	De 8:00 a 14:00 horas
Retribucións	1245,39 €
Titulación exigible	Estudos primarios
Sistema selectivo	Oferta xenérica servizo de emprego e concurso de méritos

#### **SEGUNDO. Modalidade do Contrato**



## Concello da Capela

---

A modalidade do contrato é a de circunstancias da produción por oscilacións que xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require , regulada polo artigo 15.2 do Real decreto lexislativo 2/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. A súa duración máxima será de catro meses a partir da súa formalización e en réxime de dedicación a tempo parcial.

Fíxase unha retribución bruta de 1245,39 euros (inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias).

### **TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- e) Posuír a titulación esixida.

### **CUARTA. Selección mediante oferta xénérica de emprego**

Por razóns de urxencia derivadas dos prazos de execución impostos polo axente financiador (Fondo de Compensación Ambiental) e ante a inexistencia de bolsa de emprego para este proceso selectivo, a convocatoria farase mediante a aprobación dunha oferta xenérica de emprego que se formulará ante o Servizo Público de



## Concello da Capela

Emprego de Galicia, coas características indicadas no apartado primeiro.

### QUINTO. Publicidade

A necesidade de que o contrato laboral sexa por catro meses e remate antes do 31 de outubro para cumprir coas condicións da subvención, así como a urxencia en que se acometan os traballos polo estado das rutas e a insuficiencia dos medios propios, non resulta compatible cos tempos necesarios para a tramitación dun proceso selectivo mediante convocatoria publicada en boletín oficial e cos trámites propios destes, polo que a publicidade realizarase a través do taboleiro do concello (físico e en sede electrónica) e na páxina web.

**SEXTA.** O prazo previsto para formular a oferta por parte do servizo de emprego será de tres días naturais a partir da súa solicitude dende o concello.

Os méritos avaliaranse por unha comisión nomeada por resolución desta Alcaldía-Presidencia, unha vez recibidas todas as candidaturas, de acordo co seguinte baremo:

Denominación	Puntuación		Puntuación máxima
Servizos prestados como peón forestal	0,10 puntos/mes traballado		Ata un máximo de 5 puntos
Formación relacionada co posto	Cursos de ata 50 h.	0,50	Ata un máximo de 4 puntos
	Cursos de ata 100 h.	1,00	
	Cursos de máis de 100 horas	2,00	
Estar en posesión de permiso de conducir tipo B			1 punto

Aos efectos de valoración de méritos terase en conta a experiencia laboral acreditada tanto no ámbito da Administración Pública como no ámbito da empresa privada.

En caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados no apartado primeiro (experiencia).

Concluída a baremación, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que



## Concello da Capela

---

corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Téñase en conta que ata que se formalicen os contratos e se incorporen aos postos de traballo correspondentes, os aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

### **DUODÉCIMA. Incidencias**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo a partir do día seguinte ao de publicación (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

